

25n
2022

**Día internacional da eliminación
das violencias contra as mulleres**



UNIDADE DIDÁCTICA
para traballar nas aulas de Secundaria o 25N



Edita: Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autoras: Alba Freiría Pampillón
Blanca Albán Gilino

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxe cuberta: pikisuperstar (freepik.es)

Xustificación

Margaret Chan, directora da Organización Mundial da Saúde, afirmaba no Informe Global sobre Violencia de Xénero (2013) que a violencia de xénero era xa un problema de saúde de dimensións epidémicas que afectaba a todo o planeta.

Coa experiencia recente e esgotadora que supuxo e está a supor a pandemia da COVID-19, parece irreal pensar que perante unha situación de emerxencia mundial non se actúe con responsabilidade ou se tomen medidas urxentes para erradicar as consecuencias.

Sabías que?

A declaración da ONU sobre a *Eliminación da violencia de xénero contra as mulleres* en 1993 marca un importante fito ao afirmar que

«a violencia contra as mulleres designa todo acto de violencia baseado na pertenza sexo feminino, que causa ou é susceptíbel de causarlle ás mulleres dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico, e inclúe as ameazas de tales actos e a restrición ou privación arbitraria da liberdade, tanto na vida pública como privada».

Deste xeito, a ONU explicita como este tipo de violencia é unha violación dos dereitos humanos, inclúe outros tipos de violencia alén da física e salienta o xénero como factor de risco.

FONTE: *Acercarse a la GENERACIÓN Z. Una guía práctica para entender a la juventud actual sin prejuicios*. Isa Duque. La Pisco Woman (2022)

Segundo o teórico Miguel Lorente a evolución da epidemia que supón a violencia machista é lenta e pausada, debido ao carácter estrutural, cultural e simbólico da propia violencia. Non xorde ao redor de determinadas circunstancias ou elementos que interfiren no noso día a día, senón que forma parte del, no presente e no pasado. Ao longo da historia, evolutivamente foise manifestando dunha maneira continuada sen que a percepción da sociedade fose (e sen que aínda a día de hoxe sexa) proporcional ao significado, á realidade e á dimensión do problema.

Ao ter penetrado tan profundamente na nosa cultura que é a cultura heteropatriarcal, tal como unha herdanza cultural, a violencia foise perpetuando coa ausencia dunha visión da mesma como un conxunto de mecanismos, senón máis ben como gromos violentos individuais. Non se teñen analizado as circunstancias que favorecerían e daban lugar a que situacións de violencias estivesen lexitimadas e tamén destinadas a repetirse unha e outra vez, de xeito marcado, intenso e brutal. Sen percibirse como as consecuencias dun problema estrutural que é o machismo,



senón máis ben como un resultado con certa «aleatoriedade». Unha acción-reacción en casos illados, que se manifestaban con maior ou menor umbral de gravidade. Como se o contador se puidese poñer a cero ao comezo de cada ano. Borrón e conta nova.

Se abrimos ben os ollos, podemos ver diante de nós un problema: o machismo; que dá lugar a unha consecuencia: as violencias machistas. Analizar as circunstancias en que se producen estas violencias implica falar de factores que contribúen e inflúen de maneira que continúe o problema e se poida reactivar unha e outra vez con cada comentario «os nenos non choran», «son cousas de nenos», «menuda marimacho está feita», «que mexericas» «Esa? Esa é unha lagarta», cada vez que as alumnas e alumnos son invisibilizadas no discurso, cada saia levantada no recreo sen consentimento, cada porta do baño ateigada de representacións gráficas moi uniformes dun pene, con máis ou menos pelo, mais sempre como marca de demostración do poder e dominio do espazo público

Desentramar os mecanismos das violencias machistas, en plural¹, implica entender a que fan referencia e que tipos de violencias abranguen en todas as etapas vitais. Cales son os colectivos máis castigados por se saíren da heteronorma establecida, cales son os sistemas de opresión e como dialogan entre si.

Ante tal desafío, ao longo destas Unidades Didácticas, tentaremos ofrecer ferramentas para desentramar co alumnado o relativo ao proceso de socialización de xénero, analizar a importancia de rachar cos estereotipos e os roles de xénero

¹ Se ben é certo que non é a forma legal, este concepto abrangue todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres e fillas/os/es ou menores vítimas de violencia de xénero, así como contra todas as persoas con identidades sexuais diversas (LGTBIQ+), de forma puntual ou continuada, coa intención de perpetuar a dominación e as estruturas xerárquicas de poder. Estas violencias engloban, ademais da violencia de xénero, a todas aquelas formas que son consecuencia do sistema heteropatriarcal. Neste marco, o machismo é o concepto que, de forma máis xeral, define estas condutas de dominio dos homes sobre as mulleres, e sobre as persoas LGTBIQ+. Este mesmo sistema sexo-xénero disciplinario e colonial, impón un binarismo no que só existen dúas fórmulas: o modelo masculino e o modelo feminino. Por unha banda, o modelo de masculinidade que segue sendo valorado como superior pola nosa sociedade, pola outra o modelo de feminidade hexemónico. E non necesariamente que «o masculino e o feminino teñan características concretas, senón que todas as características posibles están enmarcadas dentro dese binomio» (Brigitte Vasallo).

e percibir como é que se constrúe socialmente a masculinidade e a feminidade, e como se lle nega a posibilidade de existir e de ser ao que permanece fóra do binario.

Sabías que?

Na *Macroencuesta de violencia contra la mujer* de 2019, publicada polo Ministerio de Igualdade no ano 2020, foron entrevistadas 10.000 mulleres a partir dos dezaseis anos. Neste estudo, e de xeito novedoso, púxose a atención en mulleres especialmente vulnerábeis á situacións de violencia, recollendo información específica sobre mulleres con discapacidade, mulleres de máis de sesenta e cinco anos, nadas no estranxeiro, residentes en municipios pequenos e mulleres novas. Algúns destes datos amosáronse neste informe titulado *La situación de la violencia contra las mujeres en la adolescencia en España* son:

- Un 14.2% das mulleres residentes en España de dezaseis ou máis anos sufriu violencia física e/ou sexual por parte da súa parella actual ou pasada, ao longo da súa vida, mentres que o 1.8% sufrírono nos últimos doce meses, o que supón 374.175 mulleres en situación de violencia de xénero no último ano.
- O 97% das mulleres que sufriu violencia física e/ou sexual, sufriu tamén violencia psicolóxica, e o 75% padeceu secuelas psicolóxicas como consecuencia.
- O 14% das mozas afirmou terse sentido presionada para realizar actividades de tipo sexual, presión realizada en case todos os casos (97.4%) por un home, unha violencia que no 55.7% dos casos provén do mozo co que saen.
- O 21.9% de adolescentes afirma ter escoitado a miúdo que «os ciúmes son unha expresión de amor», e que o 39.9% recibiu o consello de que «para ter unha boa relación de parella debes atopar a túa media laranxa, e así sentirte completada».

FONTE: *Acercarse a la GENERACIÓN Z. Una guía práctica para entender a la juventud actual sin prejuicios.*

Proporcionaremos tamén ferramentas para desartellar os novos mecanismos da violencia machista e as novas formas que adopta para acollerse aos tempos das TRICS (tecnoloxías da relación, da información e da comunicación), a ciberviolencia e a violencia dixital.

Se ben é certo que desartellar o sistema heteropatriarcal non é unha tarefa doada, tampouco o é continuar a asumir e naturalizar a desigualdade e tampouco replicar uns modelos xerárquicos, relacionais e afectivos cada vez máis obsoletos.

Metodoloxía

A unidade didáctica que vén a continuación enmárcase na normativa actual vixente e componse duns principios metodolóxicos que son referentes á hora de traballar por competencias nos procesos de ensino-aprendizaxe. Entre eles podemos atopar as aprendizaxes significativas e as baseadas en problemas, o enfoque globalizador, a atención á diversidade, os agrupamentos flexíbeis e o traballo-espazo colaborativo con tempo amplo, o traballo de procesos e a potenciación da metodoloxía participativa e investigativa.

Lonxe de reducir a metodoloxía a unha mera enumeración de termos sen contextualizar, optamos por debullar as chaves para poñer en práctica as actividades que logo veñen.

Como se dunhas pistas se tratase, nas seguintes liñas atoparás información relativa ao xeito de traballar cuestións complexas de xeito simplificado, cunha perspectiva de xénero integral a atravesalo todo, teoría e práctica.

Espertar, reactivar, avivar ou estimular a curiosidade serán aspectos fundamentais para desenvolver a conciencia crítica e o compromiso social do alumnado na súa loita contra as violencias machistas. Neste sentido, a autoestima e o autoconceito xogarán un papel esencial que debemos atender e fomentar.

Cunha metodoloxía participativa, colaborativa e centrada na concepción do *sentir para pensar*; a comunicación non violenta e a atención á diversidade, desde todos os prismas, serán as nosas maiores aliadas na consecución dunha comunidade educativa máis igualitaria, inclusiva e interseccional.

O alumnado será en todo momento protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe, e de xeito activo participará de accións encamiñadas á detección, prevención e rexeitamento das violencias machistas desde unha visión crítica e empática. A provención, ou ferramentas coas que afrontar, mediar e resolver un conflito, será fundamental para a loita contra a violencia.

Preténdese *mover os marcos* establecidos, cuestionar aquelas crenzas que de tanto replicarse acaban por asumirse como verdades absolutas (*o verdadeiro amor nace a pesar de todos os defectos, *quen ben te quere farate chorar...).

Partirase das propias vivencias, ideas e imaxinarios para a educación na conciencia crítica e tamén no desenvolvemento da escoita activa. O diálogo, o debate, a reflexión e o cuestionamento serán algunhas das canles para traballar na loita contra as violencias machistas, e será fundamental practicar a (auto)escoita e desenvolver a escoita activa tamén do grupo, das súas necesidades e dos seus centros de interese. Será de especial interese afondar na forza do grupo, nas voces que se escoitan máis e menos e facer análise grupal das propias dinámicas instauradas. Partir do propio e do individual-grupal permitirá extrapolar a realidade da aula ao conxunto da sociedade heteropatriarcal en que vivimos.

O xogo será o noso mellor aliado, transitando entre o formal e o non formal, o xogo funciona de ponte para a aprendizaxe do público cautivo, incorporando nas dinámicas das aulas o artivismo, o movemento, a rapidez, o teatro, o humor, e, como non, o corpo.

O rol como profesorado será o rol da facilitación, acompañando e sostendo os procesos que transite o alumnado. Tomando parte activa ante as actitudes ofensivas e discriminatorias para garantir o clima de respecto fronte ás diferenzas.

É de especial interese aproveitar algunhas das dinámicas que se propoñen a continuación para recadar información a respecto dos prexuízos e estereotipos aproveitando que o curso está aínda arrincando motores². Deste xeito, poderemos transversalizar a perspectiva de xénero no decorrer das nosas materias, e fomentar que a loita contra a violencia de xénero non fique condensada nun só día, como algo anecdótico. Conmemorar as datas sinaladas é moi importante na loita pola igualdade, mais integrar a loita contra as violencias machistas na nosa práctica docente do día a día é fundamental.

Acostuma funcionar establecer un «Pacto de botrato³» antes de realizar as actividades, deixando por escrito aquilo que o grupo precisa e coa posibilidade de ir engadindo novas premisas ao longo das dinámicas, deste xeito traballaremos tamén o consentimento.

É importante atender a todas as voces, equilibrar as participacións e estar moi atentos tanto á linguaxe verbal como a non verbal, nestas temáticas os silencios tamén nos falan moito. Para sermos coherentes coa temática a abordar, é preciso facer un esforzo e utilizar unha linguaxe inclusiva, que teña en conta a todas as identidades, así como unha linguaxe clara e próxima, adaptada á realidade coa que traballamos⁴. Como persoas facilitadoras tamén é a nosa función «mirar cara adentro», revisar as nosas historias de vida e tomar conciencia do sexismo interiorizado, das prácticas patriarcais e dos estereotipos que carregamos. Por último, consideramos beneficioso facer o alumnado consciente do proceso de construción permanente no que se atopa, e no que nós tamén nos atopamos, estamos aprendendo conxuntamente e coa honestidade como punto de partida.

Traballamos con perspectiva de xénero e botrato non só dentro da aula senón tamén nas nosas vidas. Por iso é un tema a tratar con moita paciencia, tacto, sen xulgar, con moito agarimo e sobre todo, con ganas de crear un mundo mellor.

2 É interesante nesta liña a idea de dispoñer ao alcance do alumnado unha caixa de correos que funcione como «caixa de dúbidas» durante todo o mes de novembro ou como acción transversal para todo o curso, na cal depositen todo aquilo que non queiran ou non se atrevan a expor a viva voz. Pode ser tamén de xeito anónimo. Desta maneira poderemos detectar que cousas aínda non quedaron aclaradas ou detectar situacións de violencia. Algúns exemplos doutras «caixas de dúbidas» e que permiten despois recoller información para futuros talleres e obradoiros no centro educativo: por que as mulleres maltratadas non teñen o valor de denunciar o seu home que lle pega? Por que os homes violan as mulleres só por gusto? Por que non se adoita respectar á xente trans? Por que os homes non queren que a súa noiva estea en saír curta e top pero os homes poden ensinar o peito?

3 Optamos nesta Unidade Didáctica polo termo «botrato» todo xunto como oposto ao maltrato seguindo a terminoloxía introducida por Fina Sanz Ramón (2016): *El Buentrato como proyecto de vida*.

4 É recomendábel se se ten algunha dúbida a respecto revisar o libro de AX(e)ITAR A LINGUA. *Orientacións para unha comunicación inclusiva no ensino*, unha proposta de Montse Pena Presas e María Caamaño Rojo para a CIG e a ASPG.



FONTE: imaxe de autoría propia.

Obxectivos xerais

- ▷ Analizar a carga de prexuízos e estereotipos que existen nos nosos imaxinarios, individuais e compartidos. Promover o respecto pola diversidade sexual, corporal, de xénero, de orientación ou identitaria.
- ▷ Proporcionar competencias para abordar a pornografía desde unha perspectiva crítica baseada nos fundamentos da educación afectivo-sexual. Educando no consentimento e fomentando novos modelos relacionais baseados na autonomía, comunicación, empatía, pracer e o botrato.
- ▷ Identificar as diferentes formas da violencia machista, entendendoas como un problema social que nos afecta a todes e motivando a realizar cambios nas nosas prácticas diarias.
- ▷ Introducir a interseccionalidade como enfoque e ferramenta analítica que nos permite analizar os sistemas de opresión e o xeito no que dialogan e se entrecruzan.
- ▷ Xerar espazos de diálogo para fomentar a igualdade de xénero e o respecto a diversidade. Adquirindo argumentos en torno a debates actuais.

Actividades

Actividade 1. TABÚ FEMINISTA

A continuación presentámosvos o «Tabú feminista», ou de como pasar da anécdota á categoría. Seguindo o dictado feminista de Celia Amorós e o seu «conceptualizar é politizar», propoñemos a seguinte actividade.

Primeiro⁵ dividiremos o alumnado en dou equipos ou máis, a valorar polo profesorado, dependerá do número que máis nos conveña por ratio. Cantos máis grupos mellor se atendemos ao criterio da recollida de datos, xa que cantos máis equipos máis información.

Unha vez constituídos os equipos, ou o grupo se considerarnos que o número é reducido e queremos realizar a actividade de xeito colaborativo, escollerase unha persoa por equipo. Darémoslle un minuto a cada persoa para definir unha lista de palabras facilitadas por nós, tentando que o seu equipo desvele o maior número de palabras posíbeis. Para isto, haberá uns cartóns (Anexo 1) nos cales aparece enriba a palabra a averiguar, e debaixo dela, tres palabras que non poderemos utilizar á hora de definila.

Unha vez resoltos os cartóns quedaremos con aquelas que foron de maior dificultade.

Nunha rolda de reflexión, preferibelmente en círculo para eliminar as xerarquías e que nos podamos ver entre todes, preguntáremoslle ao alumnado onde atoparon maiores dificultades. Se descoñecían algún termo, se houbo outros que eran moi doados. Desta maneira, poderemos traballar máis en profundidade, teorizar con elus/as/os sobre a importancia de conceptualizar, e tamén sobre os prexuízos ocultos que saen á superficie cando estamos xogando e relaxades, coa atención posta no xogo e non tanto nos marcos do que é correcto ou incorrecto, vulgar ou ordinario, politicamente incorrecto. Poderemos aproveitar este espazo para aclarar os catro conceptos fundamentais á hora de explicar o sistema sexo-xénero e a discriminación de xénero.

Despois da reflexión conxunta, propoñémolles facer o seu propio tabú feminista, para que cada alumne escolla un termo e as tres palabras que non podemos usar na súa definición. Unha vez rematen, resolveríamos o tabú que crearon eles mesmas.

5 Posterior á realización do «Pacto de Botrato», presentado na metodoloxía, cuxas pautas dialogan co consentimento e coas necesidades do grupo para facer do espazo un espazo seguro.

Obxectivos:

- ▷ Aprender a conceptualizar e deconstruír conceptos relacionados co sistema sexo-xénero.
- ▷ Analizar a carga de prexuízos e estereotipos que existen nos nosos imaxinarios, individuais e compartidos.
- ▷ Establecer un punto de partida común para entender as desigualdades de xénero e a diversidade sexual.

Materiais:

- ▷ Cartóns tabú feminista (Anexo 1).
- ▷ Cartóns en branco para cubrir polo alumnado (Anexo 2).
- ▷ Ambientación opcional: Un reloxo de area de un minuto, unha caixa multicolor onde gardar os cartóns de termos, unha capa multicolor para poñerse na quenda de definición.

Variante:

- ▷ Pódese repetir a rolda cos mesmos conceptos, só que a persoa encargada de definir poderá só dicir unha palabra vinculada con ese concepto. Despois de repasar así todas as palabras poderá aínda haber outra rolda onde non se poidan utilizar as palabras e só o corpo, expresión xestual, para que as outras persoas adiviñen e descubran as palabras ás que fai referencia.

Actividade 2. DESMONTANDO O PORNO



Anne Thériault

**Cleopatra: I commanded an army
against my brother**

Historians: Cleopatra was sexy

**Cleopatra: Egypt was stable and
prosperous under my rule**


Historians: SO sexy!!!

**Cleopatra: I SPOKE NINE
LANGUAGES**

Historians: S-E-X-Y

Para comezar, cada alumne terá un folio e un boli. Damos a seguinte pauta: Tedes 30 segundos para pintar un pene. Logo dámoslle esta outra: Tedes 30 segundos para pintar unha vulva.

A continuación algúns exemplos doutras actividades, onde se pode observar unha aproximación ao resultado final.



FONTE: imaxe de autoría propia a partir dunha investigación baseada nas percepcións e preconceitos de xénero, talleres destinados ao alumnado da ESO.

Cando teñamos os nosos debuxos, visualizámolos e debatemos en volta ao tópicos de se existe ou non algunha forma hexemónica de representación dalgún deles. Falaremos sobre o uso do espazo público na escola, os espazos compartidos, o uso do patio... Que xenitais aparecen máis veces representado? En que lugares? Pintar penes nas mesas é habitual? No libros? Percíbeno como un xeito de dominio do espazo? Existe unha representación uniforme da vulva? Porque pasados tres segundos no deseño do pene aparecen comentarios do fácil que é e cando se propón deseñar unha vulva a xente sopra forte? O clítoris aparece representado? Sabemos canto mide?

OLLO! Prestaremos especial atención ás representacións do aparello reprodutor feminino, xa que non é o que se pide na actividade. Explicitamente debemos recalcar «xenitais femininos».

O que non se nomea non existe. En todo momento a persoa docente deberá soste o espazo das risas e dos chistes, naturalizando estes temas e facendo reflexionar ao alumnado sobre o seu nerviosismo e o seu estado alterado.

Logo recomendamos visualizar algún deste vídeos sobre o clítoris para compensar a falta de información:

▷ *El clítoris* dispoñíbel en https://www.youtube.com/watch?v=J_3OA_VZVky&t=7s ou

▷ *Proyecto sexualidades. El clítoris* dispoñíbel en <https://www.youtube.com/watch?v=uw39UvxnJCQ&t=3s>

Continuamos visualizando o vídeo:

▷ *El sexo en el porno vs. el sexo real: las diferencias explicadas con comida.* Dispoñíbel en: [/www.youtube.com/watch?v=kd45B4MLHC4](https://www.youtube.com/watch?v=kd45B4MLHC4). Facemos unha posta en común para coñecer as súas opinións e construír aprendizaxes colectivas.

Para facilitar o diálogo podemos utilizar as seguintes preguntas: Xa sabíades que era tan distinto o porno mainstream do sexo na vida real? Algún dato que vos sorprendera? Cal é o «obxectivo» do sexo? e do porno? No porno hai consentimento? Impera a cultura da violación? De que xeito opera?

A continuación, visualizamos a serie *Euphoria*, Temporada 1, capítulo 1. [27:00-29:00]. Analizamos conxuntamente: Por que o rapaz decide asfixiar a rapaza? Como reacciona ela? Podería rematar nunha violación? A que acordos chegan como vínculo?

Para rematar, faremos un decálogo para construír vínculos sanos. Para isto, primeiro facemos unha actividade de reflexión individual, onde cada alumne responde nun folio que caracteriza unha relación sana? Logo poñemos en común e debatemos para crear o noso decálogo.

Obxectivos

1. Proporcionar competencias para abordar a pornografía desde unha perspectiva crítica baseada nos fundamentos da educación afectivo-sexual.
2. Facilitar ferramentas baseadas na educación mediática que outorguen unha capacidade crítica sobre os contidos que amosa a pornografía.
3. Identificar a pornografía como unha ficción que distorce e reduce a idea de sexualidade.
4. Reflexionar sobre os falsos mitos e falsas crenzas que a pornografía normaliza sobre os corpos e mandatos de xénero.
5. Promover o respecto pola diversidade sexual, corporal, de xénero de orientación ou identitaria.
6. Educar no consentimento e fomentar un modelo relacional baseado na autonomía, comunicación, empatía, pracer e o botrato.

Materiais

Proxector.

Actividade 3. CON-SENTIDO. FALAMOS DE CONSENTIMENTO



FREELY GIVEN
Dado libremente

REVERSIBLE
Reversíbel

INFORMED
Informado

ENTHUSIASTIC
Desde o desexo

SPECIFIC
Específico

FONTE: imaxe de autoría propia.

Para esta actividade propoñemos utilizar o seguinte fanzine e proxectalo na aula ou imprimilo en formato A3 e facer nós as dobreces. O Fanzine atópase dispoñíbel en <http://www.cmpa.es/datos/2/CON-SENTIDO65.pdf>

Abordaremos as temáticas do fanzine en orde, que son as seguintes:

1. Como normaliza a sociedade a violencia sexual sexista?
2. Pirámide da violencia sexual
3. Cales son as causas das agresións?
4. Acoso de rúa
5. Sextorsión e sexting positivo
6. Formas de dicir «Non»
7. A comunicación é sexy.
8. Test: Consentimento e Tes actitudes machistas?

Amestra facilitará un espazo de diálogo e debate para a construción de aprendizaxe en colectivo. Á hora de escoller preguntas clave para establecer debates e afondar en cada temática do fanzine, propoñemos seguir a guía para mestras dipoñíbel en: http://www.cmpa.es/datos/2/GUIA_PARA_EL_PROFESORADO_CONSENTID49.pdf

Propoñemos apoiarnos nos seguintes artigos e vídeos de interese para sensibilizar ao alumnado e dinamizar a aprendizaxe:

- ▷ (Temática 1) «A las mujeres nos representan como si sólo fuéramos cuerpos» Publicado o día 8 de setembro de 2017, dispoñíbel en:
<https://www.publico.es/sociedad/mujeres-representan-fueramos-cuerpos.html>
- ▷ (Temática 1) *Ser/Estar: Cuerpos diversos-Canal Encuentro*. Publicado o 13 de maio de 2022, dispoñíbel en:
<https://www.youtube.com/watch?v=yv9MID2wi4o&t=618s>
- ▷ (Temática 3) *Una exposición desmonta la idea de que la ropa de las mujeres «incita» a violar*. Publicado o día 18 de xaneiro de 2018, dispoñíbel en:
https://www.eldiario.es/politica/exposicion-desmonta-mujeres-incitaviolar_1_2897858.html
- ▷ (Temática 4) *Feminismo para torpes: ¿Es esto acoso?* Publicado o 10 de abril de 2018, dispoñíbel en:
<https://www.youtube.com/watch?v=xtOoq0anKEw&t=43s>
- ▷ (Temática 5) Visualizamos o vídeo *Alerta Virus!!* Publicado o 27 de outubro de 2021, dispoñíbel en
<https://www.youtube.com/watch?v=0VaYw19X8es>

Obxectivos

- ▷ Entender o consentimento como chave á hora de vincularnos e establecer relacións saudábeis. Promovendo novos modelos relacionais baseados no respecto, a comunicación e a liberdade.
- ▷ Identificar as diferentes formas da violencia machista, entendéndoas como un problema social que nos afecta a todes.
- ▷ Fomentar a conciencia crítica, motivando a realizar mudanzas nas nosas prácticas diarias.

Materiais

- ▷ Proxector.

Actividade 4. QUERERNOS BEN

Para esta actividade pedimos ás adolescentes que escriban nun bote situacións relacionadas co amor romántico e relacións tóxicas. Podemos facer este test a modo de exemplo: <https://machistaenrehabilitacion.com/historias/index-javier-y-lucia.html>

Logo utilizaremos o teatro como ferramenta para resolver as situacións ou abordalas doutra maneira. Dividiremos a aula en grupos, cada grupo colle un papel e prepara a súa teatralización. Faremos unha dinámica do teatro das oprimidas: o Teatro Foro. Para isto, cada grupo interpreta unha escena ás demais. Logo dunha primeira función, as persoas que están vendo, convertiranse en espect-actrices e espect-actores, podendo incorporarse na obra para mudar as situacións. Para «entrar na obra, teñen que escoller un personaxe ao que substituír e improvisar para resolver a situación. É moi importante o rol da mestra, animando á participación, propoñendo cambios e facendo preguntas clave para que entre todes busquen alternativas.

Obxectivos:

- ▷ Adquirir habilidades, ideas e comportamentos no escenario teatral, que sirvan como ferramenta para o escenario da propia vida.
- ▷ Detectar situacións de malos tratos e apostar por modelos saudábeis de relacións.
- ▷ Desenvolver unha conciencia social reflexiva e crítica para enfrentarse de maneira colectiva ás situacións de discriminación e opresión.

Materiais:

- ▷ Bote
- ▷ Follas en branco
- ▷ Bolígrafos
- ▷ Disfraces (opcional)

Actividade 5. ALÉN DO XÉNERO

Comezamos a actividade cun test individual para repensar o noso lugar (dispoñíbel no Anexo 3). Logo poñemos en común e analizamos como mudan as nosas respostas en función do xénero? Existen outras categorías de análise que dialogan co sistema sexo-xénero?

Dentro do sistema sexo-género binario en que nos movemos por desgraza a maioría de nosotres, esteamos conformes ou non, en canto que sistema disciplinario e colonial, só existen dúas fórmulas: masculino e feminino. Non é que o masculino e o feminino teñan características concretas, senón que todas as características posíbeis están encadradas dentro do binomio masculino-feminino (...) Eses dous polos son a referencia da ancoraxe, tal vez non persoal, mais sistémica. Por iso o sistema é un sistema e non unha práctica, non unha opción. E por iso é binario

FONTE: Vasallo, Brigitte (2021). *Lenguaje inclusivo y exclusión de clase*, Larousse editorial.

Para ampliar a mirada máis alá do binario, visualizamos o seguinte vídeo: *Ser/ Estar: No binaries - Canal Encuentro*. 27 de maio de 2022. Dispoñíbel en <https://www.youtube.com/watch?v=WLdtFfpeKCM> e *Lo que ocurre cuando sumas machismo y racismo (2018)*. Dispoñíbel en: https://www.youtube.com/results?search_query=machismo+e+racismo

Debatemos en volta das etiquetas, o seu uso e o seu significado. Quen pon etiquetas? Con que intención? Que etiquetan existen na nosa aula? En que se diferencian a auto-etiquetaxe da discriminación? Só as mulleres son discriminadas? Cales son os suxeitos que máis sofren discriminación? Por que?



FONTE: Kimberlé Williams Crenshaw

Utilizamos as *Red Flags* como ferramenta. Analizamos os seguintes ítems:

- ▷ Que lle chamen «louca» a unha ex.
- ▷ Que me fagan eliminar cousas ou cuestionen o contido que subo ás redes sociais.
- ▷ Que arremeden ou critiquen os meus gustos ou preferencias.
- ▷ Que me chamen histérica.
- ▷ Que me traten de «tóxica» por expresarme.
- ▷ Que critiquen as miñas amigas.
- ▷ Os comentarios homófobos.
- ▷ Que digan que ir a terapia é para xente louca

Centrarémonos en sinalar as nosas red flags para facer fincapé nas discriminacións.

Obxectivos

- ▷ Identificar os sistemas de opresión e introducir a interseccionalidade como enfoque e categoría de análise.
- ▷ Afondar no que implica o sistema binario e no xeito en que a sociedade nos destina a «ter que encaixar».
- ▷ Aprender a poñer límites e comunicar de xeito non violento as cousas que non nos gustan.
- ▷ Desvelar como actúan as etiquetas e que efecto negativo teñen nas dinámicas da nosa clase.

Materiais

- ▷ Proxector.

Actividade 6. A SOCIEDADE A XUÍZO

Dividimos a aula en dous grupos, tamén haberá unha persoa rotativa para o rol de mediadora. Cada grupo terá unha postura a defender: a favor ou en contra. Collemos frases que escoitamos a miúdo, frases que representan a nosa sociedade. Cada grupo terá un tempo para preparar o argumentario para o debate. Logo será a xuíza a que facilite as quendas de palabras e o tempo das intervencións. Ao final chegaremos a unha conclusión conxunta. A figura de mestre, é clave nesta actividade e terá a seguinte guía coa nosa proposta de frases e conclusións:

▷ **As feministas son mulleres que non se adaptan ao canon de beleza (non se depilan, levan moitos pendentes, roupa alternativa...)**

PARA AS CONCLUSIÓNS DO XUÍZO: O aspecto dunha muller feminista non é homoxéneo. Os medios amosan un perfil de muller feminista concreto (que non é maioritario) para diferenciarnos. É certo que o feminismo apodera e crea conciencia, co cal tamén mellora as nosas autoestimas e refórzanos para tomar decisións relacionadas coa nosa aparencia.

▷ **As lesbianas son mulleres que odian os homes.**

PARA AS CONCLUSIÓNS DO XUÍZO: A orientación sexual non vén definida polo odio senón polo desexo. As lesbianas senten atracción por outras mulleres independentemente da súa relación cos homes. Este é un argumentario machista que nace por parte dos homes e da súa inseguridade por non ser obxectos de desexo.

▷ **As mulleres teñen un instinto para os coidados das persoas do seu entorno e por iso o fan mellor.**

PARA AS CONCLUSIÓNS DO XUÍZO: As mulleres dende que nacen son socializadas no rol de coidados. Non hai un instinto, só un proceso de socialización moi sutil: regálannos bonecas que coidar, kits de maquillaxe para coidar o noso aspecto...

▷ **Tamén hai homes maltratados e a eles ninguén os nomea.**

PARA AS CONCLUSIÓNS DO XUÍZO: Se ben é certo que existe esta realidade, os casos son oito veces menores que no caso dos feminicidios. A diferenza non é casualidade, é machismo.

▷ **Nin machismo nin feminismo, igualdade.**

PARA AS CONCLUSIÓNS DO XUÍZO: O feminismo busca unha igualdade real entre homes e mulleres. Darlle a volta ao termo ou críticoalo sería negar que nace dunha loita específica de mulleres, que sufriron a opresión por parte do xénero masculino.

- ▷ **A lingua non ten xénero, as palabras xenéricas están en masculino e non por iso son excluíntes.**

PARA AS CONCLUSIÓNS DO XUÍZO: O que non se nomea, non existe. Precisamos o uso dunha linguaxe adaptada á nosa realidade, o masculino xenérico invisibiliza tanto as mulleres como as identidades disidentes. A lingua non é estática, é o reflexo do noso pensamento. «Os límites da miña linguaxe amosan os límites do meu mundo».

- ▷ **As mulleres aproveitan e fan denuncias falsas.**

Para as conclusións do xuízo: A pesar de ser un argumento moi recorrente, convidamos á investigación do dato xa que o número de denuncias falsas é menor ao 0,1%. Por outra banda, as supervivintes das situacións de violencia de xénero seguen sendo cuestionadas. A xustiza é patriarcal e na gran maioría dos femicidios os asasinados non estaban denunciados.

- ▷ **É que agora todo é violencia de xénero, todo é machismo. Non esaxeramos un pouco?**

É certo que a chegada do feminismo permitiu percibir moitas desigualdades, tanto macro como micromachismos, isto só pode ser positivo. A violencia de xénero só se produce cando hai unha relación de poder provocada polo machismo estrutural e cultural.

- ▷ **Todas as violencias son malas. A violencia non ten xénero⁶!**

A violencia existe e a violencia de xénero tamén. Invisibilizala con este argumento é non abordar unha problemática social grave como é o machismo. Precisamos poñer nomes, conceptualizar, investigar e coñecer para erradicala.

Obxectivos:

- ▷ Adquirir argumentos e capacidade de expresión oral estruturada sobre temas de debate actuais. Cuestionando as ideas, valores e actitudes que temos sobre as construcións de xénero e diversidade sexual.
- ▷ Xerar un espazo de diálogo para fomentar a igualdade de xénero e o respecto á diversidade. Respectando as quendas de palabra e favorecendo a escoita activa e participación.

⁶ Fonte de inspiración Actividade Tópicos machistas (pp. 24-27) Dispoñíbel en: https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparalaigualdad/files/2021/03/rebeldes-de-geunero-4-parejas-2021_02_15.pdf

Anexos

Anexo 1

<p>XÉNERO</p> <hr/> <p>Construción Home Muller</p>	<p>VIOLENCIA</p> <hr/> <p>Agresividade Tratar mal Conduta</p>	<p>BOTRATO</p> <hr/> <p>Coidados Amor Sen violencia</p>	<p>SEXUALIDADE</p> <hr/> <p>Sexo Corpo Xenitalidade</p>
<p>FEMICIDIO</p> <hr/> <p>Asasinato Muller Home</p>	<p>AMOR</p> <hr/> <p>Sentimento Aprezo Moz@</p>	<p>ACOSO</p> <hr/> <p>Insistir Machismo Perseguir</p>	<p>BISEXUAL</p> <hr/> <p>Orientación Home Muller</p>
<p>CIS</p> <hr/> <p>Identificarse Home Muller</p>	<p>DIVERSIDADE</p> <hr/> <p>Variedade Diferenzas LGTBIQA+</p>	<p>APODERAMENTO</p> <hr/> <p>Muller Poder Conciencia</p>	<p>FEMINISMOS</p> <hr/> <p>Movemento Igualdade Muller</p>

GAI

Homosexualidade
Home
Orientación

HOMOFOBIA

Discriminación
Gai
Lesbiana

INTERSEXUAL

Variacións
Xenitais

MULLER

Identidade
Vulva
Peitos

NON BINARIO

Neutro
Xénero
Muller

PARELLA

Querer
Amor
Compartir

QUEER

Xénero
Termo
Gai

ROL DE XÉNERO

Rosa
Socialización
Estereotipos

TRANS

Identidade
Cis
Home

VIOLACIÓN

Agredir
Sexual
Forzar

Anexo 2

Deseñar cartas tabú en branco.

<hr/>	<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>	<hr/>

<hr/>	<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>	<hr/>

Anexo 3

Repensando o noso lugar: Táboa de desigualdades

Se eu fora unha rapaza/ rapaz/rapace (poñernos na pel doutro xénero)	Sería sinxelo?	Como reaccionaría o meu entorno?	Como me sentiría?
Non ter gana de sexo			
Ter pouca experiencia sexual, sentir inseguridade e mostralo tranquilamente			
Ir soa/e de noite pola rúa			
Sair de festa e liarse con catro persoas esa noite			
Ter e amosar moita experiencia sexual			
Compartir coas miñas amizades que a miña parella me deixou e estou triste, co corazón roto.			
Expresar libremente o deseño			
Explicar as miñas colegas que me enamorei profundamente			
Recoñecer que te masturbas			

Maleta de recursos

Abrazar la diversidad: propuesta para una educación libre de acoso homofóbico y transfóbico. Dispoñíbel en: https://www.inmujeres.gob.es/actualidad/NovedadesNuevas/docs/2015/Abrazar_la_diversidad.pdf

Escolla de libros pola diversidade e igualdade. Dispoñíbel en: <http://biblioteca-decolores.blogspot.com/>

Maleta de recursos dispoñíbel en: <https://www.orientacionandujar.es/2013/03/05/recopilacion-de-materiales-para-trabajar-la-coeducacion-8-de-marzo-todas-las-etapas/>

Mapa de recursos feministas de Aventureira. Dispoñíbel en: <http://aventureira.com/wp-content/uploads/2021/02/Mapa-de-recursos-completo.pdf>

Material didáctico realidades trans*: <https://asociacionrelas.org/programas/material-didactico/>

Material didactico 25 N dispoñíbel en: <https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparalaigualdad/dia-internacional-para-la-eliminacion-25-noviembre/>

Realidades intersex: <https://kaleidosintersex.com/visibilidad-intersex-2/>

Sexualidade: <https://sedra-fpfe.org/herramientas-y-guias/>

Unidade Didáctica pola igualdade dos Bolechas: http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/unidade_didactica_os_bolechas.pdf
<https://padlet.com/fconsil/igualdad>

Material da CIG-Ensino e AS-PG 25 N <https://www.cig-ensino.gal/nova/a-cig-ensino-pon-a-disposicion-do-profesorado-material-didactico-para-traballar-o-25-n.html>

Tópicos machistas (pp. 24-27). Dispoñíbel en: https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparalaigualdad/files/2021/03/rebel-des-de-geunero-4-parejas-2021_02_15.pdf

Selección de libros nesta biblioteca. <http://biblioigualdade.blogspot.com/?view=snapshot>

<https://igualdade.pontevedra.gal/educacion/recursos/>

<http://www.pantallasamigas.net/xunta/nonsexting/>

<https://padlet.com/fconsil/igualdad/wish/2329803594>

<https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparalaigualdad/>

<https://machistaenrehabilitacion.com/guia/#>

«A las mujeres nos representan como si sólo fuéramos cuerpos» Publicado o día 8 de setembro de 2017, dispoñíbel en: <https://www.publico.es/sociedad/mujeres-representan-fueramos-cuerpos.html>

Una exposición desmonta la idea de que la ropa de las mujeres «incita» a violar. Publicado o día 18 de xaneiro de 2018, dispoñíbel en: https://www.eldiario.es/politica/exposicion-desmonta-mujeres-incitaviolar_1_2897858.html

Libros

- DUQUE, Isabel (2022). *Acercarse a la GENERACIÓN Z. Una guía práctica para entender a la juventud actual sin prejuicios*. Zenith.
- GREGORES, Bea (2022). *As mulleres que cultivaban néboas*. Edicións Xerais.
- LLENAS, Anna (2012) *O monstro de Cores*. Flamboyant
- LOSADA CORTIZAS, Sabela e REGOS, Minia (2018). *Vermella*. Baía Edicións.
- MÁRQUEZ, María (2020) *El chubasquero de aurora*. Bellaterra.
- NEIRA CRUZ, Xosé A. (2009) *Unha chea de familias*. Editorial Galaxia.
- PENA PRESAS, Montse e CAAMAÑO ROJO, María (2022). *AX(e)ITAR A LINGUA. Orientacións para unha comunicación inclusiva no ensino*.
- PLATERO MENDEZ, R. L. (2014) *Trans*exualidades. Acompañamiento factores de salud y recursos educativos*. Bellaterra.
- VASALLO, Brigitte (2021). *Lenguaje inclusivo y exclusión de clase*. Larousse editorial.
- YAÑEZ, Antía.(2018) *A reconquista*. Baía Edicións

Vídeos e filmes

- SPACE, de Eléonor Gilbert (2014)
- Los niños y el salario desigual entre hombres y mujeres experimento social noruego* (2020).
Dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=GKPXr3B5CMM&t=5s>
- 1977 La peque* (2011). Dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=MV4GyYp4Ku4&t=3s>
- ¿Qué es la diversidad sexual?* (2017) Explicación fácil. Dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=1QbTZYiQ6BA>
- Ser/Estar: No binaries* - Canal Encuentro. 27 de maio de 2022. Dispoñíbel en <https://www.youtube.com/watch?v=WLDtFfpeKCM>
- Lo que ocurre cuando sumas machismo y racismo* (2018). Dispoñíbel en: https://www.youtube.com/results?search_query=machismo+e+racismo
- El sexo en el porno vs. el sexo real: las diferencias explicadas con comida*. Dispoñíbel en: [/www.youtube.com/watch?v=kd45B4MLHC4](http://www.youtube.com/watch?v=kd45B4MLHC4).
- Feminismo para torpes: ¿Es esto acoso?* Publicado o 10 de abril de 2018, dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=xtOoq0anKEw&t=43s>
- Visualizamos o vídeo *Alerta Virus!!* Publicado o 27 de outubro de 2021, dispoñíbel en <https://www.youtube.com/watch?v=0VaYw19X8es>

